

BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE: AXENTE DEIGUALDADE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de un/unha Axente de Igualdade, coa finalidade de realizar as accións de promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de prevención da violencia de xénero, subvencionadas ao abeiro da resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade no ano 2021 (FOAI/2021), de data 16 de abril de 2021, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 72 do 20 de abril de 2021).

2. CARACTERÍSTICAS DO POSTO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A contratación terá carácter laboral temporal de duración determinada, a xornada completa, na modalidade prevista no apartado a) do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, por obra ou servizo determinado. Sendo as características concretas do posto de traballo ofertado as seguintes:

- DENOMINACIÓN DO POSTO: Axente de Igualdade.
- RÉXIME: Contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado.
- SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso-oposición.
- NÚM. DE POSTOS QUE SE CONVOCAN: Un (1).
- DURACIÓN: Seis meses, con data de remate límite do 31.12.2021.
- GRUPO PROFESIONAL: A2
- XORNADA DE TRABALLO: Xornada completa.
- RETRIBUCIÓN E CONDICIÓNS LABORAIS: 1243,75 € brutos mensuais.


- FUNCIONES ENCOMENDADAS:
 - Información, orientación e asesoramento en materia de igualdade.
 - Integración do proceso de igualdade nas políticas e áreas municipais.
 - Colaboración e coordinación coa Deputación de A Coruña no desenvolvemento de políticas públicas de igualdade.
 - Detección de necesidades en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - Sensibilización de prevención contra a violencia de xénero no Concello de Tordoia.
 - Programación, planificación, intervención e realización de proxectos de dinamización de políticas de igualdade, promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero no territorio.
 - Seguimento e avaliación das diferentes intervencións, así como elaboración e emisión de informes de impacto de xénero e documentación de procesos.

- Asistencia técnica na aplicación da perspectiva de xénero de forma transversal nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local, así como promoción das perspectivas de igualdade nas políticas públicas municipais.
- Establecemento de canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio que resulten de interese para o desenvolvemento dos obxectivos do servizo no ámbito educativo, sanitario, asociativo, etc.
- Implementación e avaliación de plans de igualdade municipais.
- Elaboración e implementación de informes de impacto de xénero e documentar procesos.
- Participación na formación continua programada desde a Deputación provincial de A Coruña.
- Calquera outra función que lle encomende a persoa que exerce a dirección/coordinación do Departamento de Servizos Sociais e/ou a Concellería con competencias en igualdade.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión da titulación de Técnico ou Axente de Igualdade ou equivalente.
- c) Estar en posesión da titulación universitaria de grao, licenciatura ou diplomatura en igualdade, socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagogía ou pedagogía, traballo social, educación social ou equivalente na área de ciencias sociais e xurídicas.
- d) Ter formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero (mínimo 500 h), salvo no caso de Grao en Igualdade.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- f) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- h) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega Celga 4, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non acrediten dito nivel de coñecemento deberán superar unha proba de galego, que se valorará co resultado de apto/a ou non apto/a.
- i) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- j) Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Axente de Igualdade. Igualmente coas solicitudes de participación no proceso de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto, con antelación á celebración das probas selectivas.

- k) Contar con certificación negativa de delitos sexuais de acordo co disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Enxuzamento Civil.

Todos os requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

4. PUBLICIDADE.

A publicidade da convocatoria farase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Todos os anuncios sucesivos, relacionados co proceso selectivo publicaranse na páxina web municipal www.tordoia.gal e no taboleiro de edictos do Concello.

5. PROCEDEMENTO SELECTIVO.

5.1. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte das probas selectivas deberán facelo constar en instancia dirixida á Alcaldía, segundo o modelo ANEXO I, no rexistro de entrada do Concello de Tordoia. O prazo de presentación de instancias será de 5 (cinco) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto do rexistro do Concello de Tordoia, para non demorar o proceso selectivo, deberán os interesados remitir unha copia da instancia ao enderezo electrónico emprego@tordoia.gal nas vinte e catro horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude.

Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

- Copia do DNI.
- Copia xustificativa da titulación universitaria requirida.

- . Copia xustificativa da formación mínima en igualdade requirida.
- . Copia xustificativa do Celga 4 ou equivalente.
- . Documentación acreditativa (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) dos méritos achegados para a fase de concurso.

5.2. ADMISIÓN.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión. A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na páxina web do Concello. Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán analizadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na páxina web do Concello.

5.3. ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal será nomeado por resolución da alcaldía e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade, sendo a súa composición mínima de tres membros.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros. O tribunal está facultado para interpretar as presentes bases, resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa marcha das probas, en todo o non previsto nas mesmas.


Os membros do tribunal, poderán acudir á incorporación dos asesores ou especialistas que estimen oportuno para un mellor desenvolvemento do proceso de selección.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

5.4. SISTEMA DE SELECCIÓN:

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, e constará de dúas fases, sendo 8 puntos a puntuación máxima que se pode acadar.

A resolución da alcaldía aprobatoria da listaxe definitiva de persoas admitidas, fixará tamén a composición do tribunal e a data e hora na que deberá constituírse, así como o día, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

Esta publicación efectuarase cunha antelación mínima de 48 horas do comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e serán convocadas en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo tribunal. A orde de actuación das persoas aspirantes será alfabético.

1º. FASE DE OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS

Exame tipo test: A proba consistirá en responder a un cuestionario tipo test, de 25 preguntas con tres respostas alternativas, que versará sobre as materias e funcións propias do posto de traballo que se convoca, segundo o temario que se sinala no Anexo II. Cada resposta correcta será puntuada con 0,20 puntos, polo que a puntuación máxima será de 5 puntos.

A parte das vinte e cinco preguntas (25) iniciais do test, existirán cinco (5) preguntas de reserva, que deberán ser contestadas polas persoas aspirantes e que se utilizarán para substituír aquelas preguntas do examen inicial que fosen anuladas polo Tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación.

Esgotadas as cinco preguntas de reserva, e no suposto de existir máis anulacións, o exame quedaría composto polas preguntas non anuladas, distribuíndose a puntuación total do exame (5 puntos) entre o número de preguntas válidas, redondeado a tres decimales.

A duración máxima da proba xeral será de sesenta minutos.

Debe acadarse un mínimo de 2,5 puntos, para considerar superada a proba, que terá carácter eliminatorio.

Ao fin do exame cada aspirante poderá obter copia do exercicio realizado.

Unha vez publicada a relación cos resultados da proba, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación cos resultados provisionais, para facer as alegacións que consideren oportunas.

B) PROBA DE GALEGO:

Consistirá na tradución (de galego a castelán ou de castelán a galego) dun texto proposto polo tribunal. A duración máxima da proba será de trinta minutos. A proba cualificarase con apto ou non apto, estando exentos da súa realización aqueles aspirantes que acrediten ter o Celga 4 ou equivalente con arranxo á normativa aplicable. Corresponderá ao tribunal determinar o coñecemento da lingüaxe galega de acordo ao nivel de Celga requirido no proceso selectivo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de sesenta (60) minutos.

2º. FASE DE CONCURSO. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 PUNTOS.

A fase de concurso comezará unha vez finalizada a fase de oposición á que accederán as persoas aspirantes que superaren dita fase, en na que poderán acadar ata un máximo de 3 puntos. Nesta fase, será obxecto de avaliación a experiencia profesional, cos seguintes criterios:

-. Por servizos prestados como persoal funcionario ou laboral na administración local, nun posto de categoría igual ou similar, relacionado coa praza ou posto convocado: 0,20 puntos por mes traballado, cun máximo de 3 puntos.

-. Por servizos prestados como persoal funcionario ou laboral noutras administracións públicas, nun posto de categoría igual ou similar, relacionado coa praza ou posto convocado: 0,10 puntos por mes traballado, cun máximo de 2 puntos.

Os meses consideraránse de 30 días.

Unicamente se valorarán estes méritos alegados cando da documentación achegada se desprenda que a experiencia laboral está directamente relacionada coas funcións da praza ou posto a cubrir. Tampouco se valorarán os servizos prestados en calidade de persoal de confianza ou no desenvolvemento de prácticas. En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do traballo, a categoría profesional, as funcións desempeñadas e a xornada realizada. En calquera caso, deberá achegarse informe de vida laboral.


Unha vez publicada a relación cos resultados da proba, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación cos resultados provisionais, para facer as alegacións que consideren oportunas.

PUNTUACIÓN FINAL.

No caso de existir empate na puntuación final dos/as aspirantes, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade, a obtención da nota máis alta no exercicio da oposición e, de continuar o empate, terase en conta o de maior puntuación no campo da experiencia. En caso de persistir o empate, se realizará un sorteo público.

5.5 PUNTUACIÓN FINAL E LISTA DE AGARDA.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas no exercicio da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso. O tribunal confeccionará a listaxe das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación,



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá a alcaldía previo informe do tribunal de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de oposición e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puideran resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito con anterioridade.

A bolsa de traballo terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

6. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase por escrito co aspirante seleccionado. Mentres non se formalice o contrato, o aspirante proposto non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o texto refundido do estatuto dos traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

7. INTERPRETACIÓN.

A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en todo o referente á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.


8. PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Tordoia, con sede na Rúa Xesteira núm.17 Tordoia, onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición, dirixindo á Alcaldía solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de agarda.

En Tordoia a día 19 de maio de 2021
A Concelleira de Asuntos Sociais e Emprego

Inés Santos Pereiro



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

PROCESO SELECTIVO: contratación de persoal laboral temporal para cubrir a praza de Axente de Igualdade.

DATOS PERSOAIS:

- . APELIDOS E NOME:
- . DNI:
- . DOMICILIO:
- . TELÉFONO MÓBIL:
- . E-MAIL:

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- . Que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.
- . Que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROCESO (Base 3).

- a) Copia do DNI ou pasaporte.
- b) Copia xustificativa da titulación universitaria requirida.
- c) Copia xustificativa da formación mínima requirida.
- d) Copia xustificativa do Celga 4 ou equivalente.

ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (Base 5.4.2º):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

-
-
-
-

Lugar _____ Data _____ Sinatura

Sr. Alcalde do Concello de Tordoia

ANEXO II: TEMARIO

PROCESO SELECTIVO: contratación de persoal laboral temporal para cubrir a praza de Axente de Igualdade.

1. Constitución Española de 1978. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Dereitos e deberes da cidadanía
2. Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da comunidade autónoma: o Parlamento. O Consello da Xunta. O/a presidente/a.
3. O procedemento administrativo xeral. Fases do procedemento: Iniciación, ordenación, instrución, terminación e execución. O silencio administrativo.
4. Especialidades do procedemento administrativo local. O Rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. A sede electrónica.
5. O réxime local: regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal de Tordoia. A organización municipal e provincial.
6. O persoal ao servizo das Entidades Locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionario spúblicos locais. Código de conduta.
7. Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
8. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
9. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
10. As mulleres no ámbito rural. O caso de Galicia.
11. O acoso sexual: consideracións xerais sobre o acoso sexual no ámbito laboral e educativo. Prevención e actuacións. Aspectos legais.
12. Conciliación da vida familiar e laboral. Dobre xornada. Permisos de maternidade e paternidade. Lactación. Excedencias.
13. Políticas públicas de igualdade de oportunidades desde a Unión Europea. Programas de Acción e Fondos Europeos.
14. Coeducación. Educar en igualdade. Educación non sexista.
15. Alternativas para unha comunicación non sexista.
16. Recursos e programas específicos (igualdade e violencia de xénero) na Comunidade Autónoma de Galicia.
17. Plan Municipais de Igualdade. PIOM do Concello de Tordoia.
18. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de Apoio á familia e a convivencia en Galicia.